

Procedemento: Convocatoria 2024 de subvencións á produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos (código de procedemento CT207A)

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 29 de xaneiro de 2024 publícase a Resolución do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións á produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT207A).

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, nomeada pola dirección da Agadic, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios fixados polas bases, e que estará formada por catro membros: unha persoa en representación da Televisión de Galicia proposta polo director da Corporación de Radio Televisión de Galicia, dúas persoas profesionais de recoñecido prestixio no mundo cultural e/ou audiovisual entre as que se designará ao/á seu/súa presidente/a, e unha persoa técnica pertencente ao cadro de persoal da Agadic. O artigo especifica que a Secretaría da comisión será exercida por unha persoa pertencente ao cadro de persoal da Agadic, con voz e sen voto.

A base recolle tamén que "a condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

En base ao exposto



RESOLVO:

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o seu artigo 15, terá a seguinte composición:

- Como persoa en representación da Televisión de Galicia

Montserrat Besada Vergara

- Como profesionais de recoñecido prestixio no mundo audiovisual

Manuel Alberto Guntín Araújo, en calidade de Presidente
Liliana Patricia Sabina Lasprilla

- Como persoa técnica pertencente ao cadro de persoal da Agadic

Jaime Pena Pérez

- Exercerá como Secretaria da Comisión

María Dolores Meijomín Rodríguez

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic
Jacobo Sutil Nesta

